

ANUNCIO

Ao non presentárense reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello de Monfero de data 25-10-2011 sobre a Ordenanza Reguladora do Fomento da Natalidade, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO FOMENTO DA NATALIDADE

Fundamentos da ordenanza

A Constitución española, no seu artigo 39, establece a protección social, económica e xurídica da familia.

Os artigos 25 e seguintes da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establecen a competencia municipal para promover a prestación de servizos sociais, nos termos da lexislación estatal e autonómica, polo que o Municipio está amparado para realizar actividades complementarias en materia de servizos sociais.

O descenso do índice de natalidade é un feito xeralizado nos países desenvolvidos. A Comunidade autónoma de Galicia e, particularmente, o Concello de Monfero non son alleos a este problema, que incluso é máis acentuado neste municipio. O descenso da natalidade é un dos principais problemas aos que a nosa sociedade lle debe facer fronte nos vindeiros anos.

Este Concello, para os efectos de tratar de reactivar a natalidade, establece esta medida de fomento coa finalidade de paliar o desembolso económico que supón a incorporación, por nacemento ou adopción, dun novo membro á unidade familiar.

Para isto, o Concello de Monfero ten previsto destinar unha parte dos seus orzamentos a atender estas necesidades e apostar polo futuro do municipio.

Artigo 1. Obxecto

O obxecto da presente ordenanza é regular as condicións e o réxime xurídico para a concesión das subvencións para o fomento da natalidade polo Concello de Monfero, de conformidade cos principios de boa administración, boa fe e presunción de legalidade, como medida para promover o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, mediante a atención directa dos diversos gastos do novo membro da unidade familiar.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra establecida polas administracións públicas.

Artigo 2. Persoas beneficiarias

Os beneficiarios serán as familias do municipio de Monfero nas que se produza un nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo dun neno ou dunha nena de até dous anos de idade, ou que xa se producira desde o 11 de xuño de 2011, segundo o que se establece nos parágrafos seguintes.

Nos casos de separación, divorcio ou nais ou pais solteiras/os, a/o beneficiaria/o será a/o que conviva ca/o filla/o.

Artigo 3. Requisitos

Para poder obter as axudas reguladas nesta ordenanza, serán requisitos:

1. Que a nai ou o pai biolóxica/o, adoptiva/o ou acolledores preadoptivos estean empadroados no Concello de Monfero, con residencia habitual no termo municipal, con dezaioito meses de antelación ininterrompidos ao día do feito que motiva a petición de axuda. Este requisito será aplicable a calquera dos proxenitores, só a un, salvo nos seguintes casos nos que se existirá o requisito respecto do que conviva ca/o filla/o: nos casos de separación, no que se achegará unha copia da sentenza; nos casos de divorcio, nos que se achegará o acordo xudicial; nos casos de pai solteiro ou nai solteira, nos que se xustificará o estado civil; e no caso de pais separados de feito, no que deberá acreditarse dita situación. Nestes supostos emitirase de oficio un previo informe da Traballadora Social.

2. Que a solicitude se formule no prazo de dous meses naturais seguintes ao acontecemento que o motiva. No caso de que o feito se producise con anterioridade á publicación desta ordenanza, o prazo será de dous meses desde a data da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

A axuda concedida queda condicionada ao mantemento da residencia no termo municipal de Monfero da nai ou do pai, e mais da filla ou fillo, durante o período mínimo de dous anos, contados desde a data do acontecemento.

Artigo 4. Importe

A axuda económica será de 1.500,00 € e farase efectiva dunha soa vez.

As subvencións concederanse, segundo a orde de solicitude, con cargo á cantidade anual que o Concello destine nos seus orzamentos á atención desta finalidade, que constitúen o seu límite máximo, sen prexuízo de que, á vista dos acontecementos producidos e previa tramitación do oportuno expediente de modificación orzamentaria, de haber recursos suficientes, poida incrementarse ou diminuírse o devandito importe.

Artigo 5. Solicitudes.

A solicitude deberán asinala a nai e o pai ou a/o que conviva ca/o filla/o cando non convivan xuntos e formularase no modelo oficial que será facilitado nas oficinas municipais e que consta a continuación como anexo I, ao que se achegarán os seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do DNI, ou documento que o substitúa, da/s persoa/s solicitante/s.

b) No caso de nacemento, o certificado literal da inscrición no Rexistro Civil ou fotocopia compulsada do libro de familia onde conste o novo nacemento.

c) No caso de adopción, fotocopia compulsada do auto xudicial de adopción, ou copia compulsada, cando corresponda, da resolución administrativa de acollemento preadoptivo.

d) Copia compulsada da sentenza de separación ou divorcio, cando corresponda.

f) Impreso debidamente cuberto co número de conta bancaria (código conta cliente) designada para percibir, de ser concedida, a dita axuda (anexo II).

g) Documento acreditativo da residencia no termo municipal.

h) Acreditación de non ter débedas coa facenda local, mediante un informe do Servizo de Recadación da Deputación Provincial.

A documentación presentarase no Rexistro municipal, sen prexuízo do que dispón o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. Resolución

A resolución do expediente corresponderalle á Xunta de Goberno Local que terá que adoptar o acordo no prazo de seis meses desde a presentación da solicitude e a documentación completa. Transcurrido dito prazo sen recaer resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo 7. Recursos

As resolucións recaídas nestes procedementos esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción contencioso-administrativa de conformidade coa Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. Reintegro e réxime sancionador

Procederá a revogación total das axudas e o conseguinte reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

-No caso de falseamento ou ocultación de datos tidos en conta para a concesión da subvención.

-No caso de non reunirse as condicións necesarias para a percepción da subvención.

-No caso de incumprirse a obriga de manterse as/os solicitantes e as/os fillas/os que motivaron a solicitude de axuda empadroados e residentes no termo municipal de Monfero durante o prazo de dous anos.

A revogación será acordada pola Xunta de Goberno Local, previa audiencia dos interesados e levará consigo o reintegro da axuda percibida.

A Xunta de Goberno Local será tamén a competente para sancionar as infraccións mediante imposición de multa que poderá alcanzar o dobre do importe da axuda outorgada, previo expediente instruído para o efecto tendo en conta que se consideran infraccións as accións e omisións tipificadas no artigo 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións. O procedemento tramitarase conforme ao establecido na dita lei.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia*.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, da xurisdicción Contencioso-administrativa, as persoas interesadas poderán interpor un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monfero, 20 de decembro de 2011

O Alcalde

Benjamín M. Rodríguez Abad